



AGRUPACIÓN DE ELECTORES DE CABANAS

OFICINA REXISTRO XERAL-CONCELLO DE CABANAS

Entrada

000 Nº. 20160000002038

21/09/2016 11:14:17

PROPOSTA PARA A CONTENCIÓN DA VESPA VELUTINA.

A vespa asiática (Vespa Velutina), introduciuse en Europa no ano 2004 . Esta introducción foi atribuída a unha soa raíña procedente do este de China, no contenedor dun barco que atracou no porto de Burdeos. A partir dese momento tivo lugar a expansión desta especie invasora, detectándose no norte da península a partir do ano 2010. Extendéndose rápida e progresivamente no 2013 en diversos puntos da xeografía galega. Na actualidade hai concellos afectados nas catro provincias, aínda que os mais afectados son os situados na costa, sobre todo Provincia de Lugo, Sur de Pontevedra e **Golfo Artabro**.

O impacto que xenera esta especie sobre o medio ambiente é considerable dende varios puntos de vista: en primeiro lugar, a súa dieta está baseada en obreiras da especie *Apis mellifera* (abellas), as que cazan hábilmente, aínda que tamén devoran a outros insectos necesarios para a nosa biodiversidade; en segundo lugar, a súa rápida expansión podería ter impactos que ata o de agora se descoñecen pero que xa dos están xerando problemas na seguridade e saúde pública que todos vemos nos medios de comunicación de como niños de Velutina que impiden a vida cotiá dos cidadáns.

O feito de que a Vespa Velutina se alimente maioritariamente de abellas non quere dicir que só afecte os apicultores, xa que hai que ter en conta que as abellas son as responsables da polinización do 30-40% dos cultivos que se utilizan para a alimentación humana e animal e incluso nalgúns chega ata o 90%. Con estes datos non é difícil deducir que a desaparición da abella non augura un futuro moi prometerdor para o resto de especies. O propio ALbert Einstein declarou "se a abella desaparecese, ó home so lle quedarían catro anos de vida; sin abellas, non hai polinización, nin herba, nin animais, nin homes".

Hai que ter en conta tamén que polo de agora non existe ningún depredador natural para esta especie para controlar a súa poboación.

Explicando brevemente o ciclo de vida da Velutina é o seguinte: na primavera, a partir do mes de marzo, a raíña sae da súa hibernación, funda un novo niño denominado primario, nel deposita unhas decenas de ovos dos cales sairán as obreiras; a partir dos meses de xuño ou xullo cando teñen suficientes obreiras funda os niños secundarios que son máis grandes e están situados nas árbores a diferentes alturas (os mais visibles e que casi todos coñecemos), e nesta época cando máis aumenta o número de obreiras e cando comencan a atacar as colmeas, frutais , outros insectos, etc... Coa chegada do outono, setembro ou outubro, o niño comeza a menguar e saen novas raíñas fecundadas; o niño acaba desaparecendo e esas novas raíñas cobixanse en ocas para pasar o inverno e comencar o ciclo na próxima primaveira.

A loita contra esta especie invasora pódese facer de moitas maneiras: con retiradas de niños primarios ou secundarios, colocación de trampas, loita biolóxica..., pero ata o de agora

unha das maneiras mais efectivas que e o **trampeo primaveral**, que consiste en atrapar as raíñas fundadoras fecundadas que conleva que por cada raíña fundadora atrapada se evita a aparición dun novo niño.

Tendo en conta non so o impácto ecolóxico senón a razoable alarma social que suscita a proliferación de esta especie e o conseguinte perigo para a saúde, xa sen pensar na exposición de persoas vulnerables, como nenos, anciáns ou alerxicos, dende a Agrupación de electores de cabanas facemos as seguintes propostas:

1.- A realización dun trampeo primaveral nos meses de marzo/abril (dependendo das temperaturas) que eliminaría un porcentaxe importante de niños de Velutina para o próximo ano, sendo unha medida de contención e prevención que suporía tanto un beneficio social como un aforro económico cara o ano que ven.

2.- Levar a cabo un rexistro de niños retirados do concello para poder ter un control cara os próximos anos e que o trampeo poida ser máis efectivo tendo as localizacións exactas de cada niño.

3.- A posibilidade de realizar unhas charlas explicativas en colexios e asociacións do concello para que os veciños de Cabanas estemos informados e concienciados non so do perigo senón poder evitar erros como que nos trampeos caseiros caian tanto vespas autóctonas como abellas aumentando a degradación das nosas especies.

Engadir, que quedamos a disposición do persoal do concello para colaborar nestas tarefas e que se adxuntan presupostos orientativos do material necesario para o trampeo así como un protocolo de actuación para levalo a cabo.

Concelleira de AEC



- Eva García Amor -


- Sr. Alcalde do Concello de Cabanas.

Protocolo de colocación trampas de *Vespa velutina*

1. As trampas deben de colocarse a principios de marzo, sempre que a temperatura media supere 10 – 12 °C. nas proximidades de aqueles lugares donde se detectaron niños a tempada pasada en arbores en flor, cauces de ríos, hortas, etc .
2. O número de trampas debe de ser polo menos 2-3 en cada emprazamento. Deben de numerarse para facilitar a recollida de datos.
3. Cada 15 días hai que revisala trampa, se hai exemplares de *Vespa velutina*, comprobar que sexa unha raíña, contar o número de exemplares e retiralos da trampa todos excepto un ou dous, xa que a súa presenza facilita que caían máis avespas.
4. O líquido da trampa non sempre é necesario cambialo, a veces simplemente chega con colalo e volver a encher ata o nivel marcado.
5. Este procedemento debe de manterse polo menos ata o mes de xuño –xullo que empecen a aparecer obreiras diante das colmeas.

Toda esta información debe de anotarse na folla de datos que acompaña a este protocolo.

HORNET TRAPS GUÍA DE USO



Septiembre-Noviembre

Ni machos ni hembras sobrevivirán al invierno; sólo las futuras reinas, buscaran un nuevo cobijo. El nido queda abandonado. En esta época traen alimento a base de azúcar para aquellas que se quedan en el nido.

Objetivo: disminuir la presión predatoria en las colmenas, muy elevada ya que buscan alimento rico en azúcar.

Colocar las jaulas alrededor de los apiarios en un radio de 100 metros:

- 1 trampa/ 10 colmenas
- 2 trampas/ 25 colmenas
- 3 trampas/ 50 colmenas
- 4 trampas para más de 50 colmenas
- En gran presión predatoria (>5 avispas por colmena) colocar 1 jaula entre cada 2 colmenas.

Riesgo de ataque a apiarios

Alto

Junio-Septiembre

Construcción de nidos secundarios en verano: la colonia se ha desarrollado necesitando un nido más grande.

Las obreras capturan presas para las crías, deben ser atraídas con atrayentes proteicos.


Objetivo: aprovechar aumento de necesidades proteicas para aumentar las capturas, protegiendo apiarios frente a la mayor intensidad depredadora.

Colección de las jaulas alrededor de los apiarios en un radio de 100 metros:

- 1 trampa/ 10 colmenas
- 2 trampas/ 25 colmenas
- 3 trampas/ 50 colmenas
- 4 trampas para más de 50 colmenas

Riesgo de ataque a apiarios

Medio-Alto



Cycle de vie de Vespasiniina © K. Monceau | Thierry Jura Savoie

Noviembre-Febrero

Evitar la puesta de jaulas en esta época para limitar la captura de otras especies.

Riesgo de ataque a apiarios

Nulo

Febrero-Mayo

Época de expansión de las nuevas "reinas fundadoras", hasta más de 300 por nido.

Objetivo: limitar el número de reinas y por tanto el número de futuros nidos y contribuir así a disminuir la cantidad de ataques otoñales*.

Colocar las jaulas estratégicamente para reducir la captura de otras especies, en lugares de paso de las avispas:

- Proximidad de las colmenas
- Cerca de antiguos nidos de avispas (en radio de 500 metros, donde tienden a establecer los nuevos nidos)
- Alrededor de fuentes de azúcares (frutales, etc.)

Riesgo de ataque a apiarios



Vista al interior

*Existen algunas discrepancias en este punto ya que según algunos investigadores esta época coincidiría con una mayor mortalidad natural de dichas reinas debida a fenómenos de competitividad: una actuación sobre las reinas en esta fase podría reducir dicha competitividad y favorecer paradójicamente su expansión.

APÍCOLA CANDIEIRA - MIGUEL ÁNGEL VILLAR CASAS

C/RIS. 306- Nº 8 - B. D.

NARJÓN

Número: 20161909001

Fecha: 19/09/2016

N.I.F.: 32.704.862 - N

+34 610 63 55 29 info@apicolacandieira.es

Cliente: EVA

Domicilio:

Ciudad:

Teléfono: 651 512 567

N.I.F.:

Correo-E: ACADEMIAEMEE@GMAIL.COM



Código	Artículo	Artículo	Precio Un.	Subtotal	% IVA	Total con IVA
	ATRAYENTE AVISPA CLAC		1 7,27 €	7,27 €	21,00%	8,80 €
	ATRAYENTE 1 L VETO - PHARMA		1 31,570 €	31,57 €	21,00%	38,20 €
	PRECIO CONDICIONADO A PEDIDO MINIMO DE :					
	24 UNIDADES AVISPA CLAC					
	12 UNIDADES VETO-PHARMA					
	OFERTA VALIDA 30 DÍAS, TRAS ESTE PERIODO EL PRECIO PUEDE VARIAR					

Forma de pago BANCO SABADELL IBAN / BIC: ES42 0081 2204 4600 0108 3619 BSAB ESBB	Subtotal			38,84 €	
	Descuento			0,00 €	
	Base Imponible			38,84 €	
	I.V.A.			21,00%	
	0,00 €	0,00 €	8,16 €	8,16 €	
	Recargo Equivalencia			0,00 €	
TOTAL FACTURA			47,00 €		

En cumplimiento de lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de Diciembre, de Protección de Datos de carácter Personal le informamos que sus datos personales quedarán incorporados en los ficheros de Apícola Candieira con el fin de poderle prestar y ofrecer nuestros servicios. Así mismo, le informamos de la posibilidad de que ejerza los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición de sus datos de carácter personal dirigiéndose a Apícola Candieira en www.apicolacandieira.es o en info@apicolacandieira.es